

## Concello de Viveiro

### RESOLUCIÓN

D<sup>a</sup>. MARIA LOUREIRO GARCÍA, Alcaldesa-Presidenta do Excmo. Concello de VIVEIRO, en virtude das atribucións que me confiren os artigos 21 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local e 61 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, da Administración Local de Galicia.

Vistas a Resolución de Alcaldía, de datas de 10 de agosto de 2021, sobre a contratación de tres conductores motobomba, que prestarán servizos temporais no Concello de Viveiro ao amparo do convenio de colaboración suscrito entre a Consellería do Medio Rural e o Concello de viveiro para a participación na prevención e defensa contra os incendios forestais 2021, nas que se acordou:

*"(...) **PRIMEIRO.-** Citar a **DNA. NAZARET YAÑEZ MARTINEZ, D. JULIO CIRUELO GARCÍA e D. JULIO CÉSAR RODRÍGUEZ PIÑÓN** os días 12 e 13 de agosto de 2021 en horario de 8:00 h. A 15:00 h, nas dependencias de Protección Civil en Pénjamo-Viveiro. Para a participación nun curso de formación teórico-práctico sobre a prevención e defensa contra os incendios forestais cunha duración de 16 horas.*

**SEGUNDO.-** Resolver o proceso selectivo a favor de **DNA. NAZARET YAÑEZ MARTINEZ, D. JULIO CIRUELO GARCÍA e D. JULIO CÉSAR RODRÍGUEZ PIÑÓN**, para ocupar os postos de **CONDUCTOR MOTOBOMBA (a xornada completa)**, con carácter temporal, ao amparo do Convenio de Colaboración suscrito entre a Consellería do Medio Rural e o Concello de Viveiro para a participación na prevención e defensa contra incendios forestais.

**TERCEIRO.-** Proceder á contratación como persoal laboral temporal a **DNA. NAZARET YAÑEZ MARTÍNEZ, D. JULIO CIRUELO GARCÍA e D. JULIO CÉSAR RODRÍGUEZ PIÑÓN** mediante o correspondente contrato de persoal laboral temporal eventual por circunstancias da produción e a xornada completa con data de inicio **12 de agosto de 2021** e data de remate en data **26 de outubro de 2021** vinculado á subvención concedida ao abeiro do Convenio de Colaboración suscrito entre a Consellería do Medio Rural e o Concello de Viveiro para a participación na prevención e defensa contra incendios forestais...

Vista a Resolución de Alcaldía de data 11 de agosto de 2021, no que se acorda cancelar a citación do curso de formación teórico-práctico sobre a prevención e defensa contra os incendios forestais e así mesmo pospoñer a resolución de contratación prevista para o día 12 de agosto de 2021, por incidencia na tramitación do proceso selectivo.

Tendo en conta que a incidencia que impedía a realización do curso de formación nas datas previstas foi solventada.

### RESOLVE

**PRIMEIRO.-** Citar a **DNA. NAZARET YAÑEZ MARTÍNEZ, D. JULIO CIRUELO GARCÍA e D. JULIO CÉSAR RODRÍGUEZ PIÑÓN** os días **18 e 19 de agosto de 2021** horario de 8:00h a 15:00 h, nas dependencias da sala multiusos do Concello de Viveiro, para a participación nun curso de formación teórico-práctico sobre a prevención e defensa contra os incendios forestais cunha duración de 16 horas.

**SEGUNDO.-** Proceder á contratación como persoal laboral temporal a **DNA. NAZARET YAÑEZ MARTÍNEZ, D. JULIO CIRUELO GARCÍA e D. JULIO CÉSAR RODRÍGUEZ PIÑÓN** mediante o correspondente contrato de persoal laboral temporal eventual por circunstancias da produción e a xornada completa con data de inicio **20 de agosto de 2021** e data de remate en data **03 de novembro de 2021** vinculado á subvención concedida ao abeiro do Convenio de Colaboración suscrito entre a Consellería do Medio Rural e o Concello de Viveiro para a participación na prevención e defensa contra incendios forestais.

**TERCEIRO.-** Publicar dita resolución no taboleiro de anuncios dixital do Concello de Viveiro.

**CUARTO.-** Notificar a presente resolución aos interesados, dar traslado ao departamento de persoal, ao Departamento de nóminas, ao Departamento de Intervención para o seu coñecemento e ao encargado do servizo de emerxencia do Concello de Viveiro.

Concello de Viveiro

Plaza Mayor, 1, Viveiro. 27850 (Lugo). Tfno. 982560128. Fax: 982561147





## Concello de Viveiro

---

Mándoo e asínoo en Viveiro, á data que consta á marxe.

A Alcaldesa,

Ante mín, A Secretario, ós efectos do  
artigo 3.2 do Real Decreto 128/2018.

María Loureiro García

María Luz Balsa Rábade

**(DOCUMENTO ASINADO DIXITALMENTE Á MARXE)**



Cod. Validación: 9ZCCEGY33CZKN9KJK2GNC9T4E | Corrección: <https://viveiro.sedelectronica.es/>  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 2 a 2